



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día un de febreiro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintecinco de xaneiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

RENUNCIA DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Dona Jesica Vázquez Estévez**, con domicilio na rúa Saleta nº 2, 3ºD, Carballiño, no que solicita a renuncia dos postos núm. 11 e 12 de planta sotano da Praza de Abastos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Antonio Diz Domínguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 44, 2ºA, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.



Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Antonio Diz Domínguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 44, 2º B, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

3.- Visto o escrito presentado por **Don Antonio Diz Domínguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 44, 1º A, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Diz Domínguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 44, 1º B, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

5.- Visto o escrito presentado por **Dona Ursula González Cuiñas**, con domicilio na rúa Martínez Vázquez nº 9, 1º, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente



acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Luisa García Domínguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 5, baixo, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial (local comercial), que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 27-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Don Rodrigo Vieira López**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 58, 1º, Ribadavia, no que solicita o cambio de titularidade da concesión dos postos núm. 3 e 4 da planta semisoto da Praza de Abastos, para carnicería (venta de carne e derivados), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, pasando a concesión dos posto nº 3 e 4, planta semisoto, a nome de Carnicerías Rodrigo S.L., para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obríganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-



A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, escrito comunicando as obras incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servicios Municipais e da Rede Viaria Provincial correspondente o exercicio 2016.
- De Augas de Galicia, informe sobre o funcionamento da Edar de Fancelos, período Agosto-Novembro 2015.
- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, expediente de autorización para corta de vexetación no arborea baixo a rúa da liña eléctrica a 20kv-AL801 en dominio público hidráulico e zona de policía do río Avia, Ribadavia, solicitado por Union Fenosa Distribución S.A..

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma coñecemento da aprobación con data 27.01.2016, do seguinte Convenio, de acordo co seguinte teor:

APROBACION DE CONVENIO

Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Quins F.C. para o uso por parte do Concello de Ribadavia do campo de fútbol sito en Quins (Melón), co obxecto de que poidan xogar os equipos deste Concello que así o soliciten.

RESOLUCION DO 7 DE DECEMBRO DE 2015, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURISTICOS PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2016.-

“Vista a Resolución do 7 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2016, publicada no DOGA nº 17, de 27 de xaneiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención e comprometerse a financiar o importe das actividades que non resulte subvencionado ao abeiro desta Resolución ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución.

ADXUDICACION DE CONTRATO MENOR PARA INSTALACION, EXPLOTACION E MANTEMENTO DE MAQUINAS EXPENDEDORAS NA CASA DE CULTURA.-



Despois de pedir oferta económica a empresa adxudicataria da instalación, explotación e mantemento de maquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais e vista a documentación presentada (certificados de estar o corrente coa S.S., Facenda Estatal e Autonómica), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou o seguinte:

1.- Contratar a empresa Rofervending S.L., con domicilio na rúa Irmáns Alvarez nº 5, Cortegada, a instalación, explotación e mantemento de maquinas expendedoras na Casa de Cultura de Ribadavia.

2.- A empresa adxudicataria deberá aboar un canon anual de 200 euros, cos cales aboaranse nos primeiros tres meses dende a data de adxudicación.

3.- Notificar o presente acordo a referida empresa.

APROBACION DAS BASES ENTROIDO 2016

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a participación das comparsas no Entroido 2016.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.